Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A tecedeira de Barbadelo

Na parroquia de Santiago de Barbadelo, concello de Sarria (Lugo), no lugar de Sabenche vivía unha tecedeira cos seus pais.

Ela tiña 10.000 reais e pretendía casar cun rapaz, pero os pais querían os cartos para o dote (cartos que se lle daban ós rapaces para que casarán coas fillas). Flora, que así se chamaba a tecedeira, non aceptou e os pais intentaban presionala para que cambiara de idea pero ela negábase. Os pais, cansos, ameazárona de morte se non entregaba os cartos.

Mais Flora saíu o medio da aldea a berrar e os veciños axudárona.

Recompiladora: Sofía González Díaz, alumna de 3º de ESO no IES Xograr Afonso Gómez de Sarria (Lugo), curso 2005-2006.

Informante: José González Díaz (75 anos).

Lugar e data de recollida: Sabenche, Barbadelo, Sarria (Lugo), maio de 2006.

Lugar da lenda: Sabenche, Barbadelo, Sarria (Lugo)